

## Obradoiro: E SE TRABALLAMOS EN EQUIPO?

[ En colaboración coa Rede Eusumo ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	21/07-04/08/2020	<b>DURACIÓN</b>	20 horas
<b>HORARIO</b>	Informarase das horas de atención da persoa titora		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>teléfono</b>	881887456
		<b>e-mail</b>	patane@espazo.coop

**PARA INSCRIBIRSE [prema aquí](#)**

### OBXECTIVOS

- Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Descubrir e aplicar as habilidades persoais nun contorno cooperativo

### PROGRAMA

**Módulo 1.-** Achegándonos ao xeito de traballar nunha cooperativa.

**Módulo 2.-** Desenvolvendo habilidades para o traballo grupal.

### CONTIDOS

- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. Como se traballa nunha cooperativa? Habilidades Sociais e persoais: Autoconecemento. Autoestima.
- Habilidades de comunicación: a escoita activa. Barreiras na Comunicación. Empatía e asertividade. Habilidades para xestionar críticas, peticións e eloxios.
- Habilidades de xestión social: traballo en equipo. Características do traballo en equipo. Vantaxes e inconvenientes. Fases de maduración do equipo. Os roles nos equipos de traballo.
- Toma de decisións: tipoloxías. A toma de decisión en grupo, vantaxes e inconvenientes. Fases e factores que inflúen na toma de decisións. Avaliación do obradoiro.

### METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións .A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

### DIRIXIDO A

O obradoiro dirixese a persoas socias e/ou asalariadas de cooperativas e outras empresas da economía social, a persoas que estean desenvolvendo un proxecto de emprendemento cooperativo ou interesadas en formar parte de empresas participativas e a todo o público en xeral interesado na aprendizaxe práctica de habilidades para o traballo en equipo.

Composición do grupo : mínimo 10 persoas e máximo 15.